


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

3-5-6 de xuño do 2021

FESTA DO CORPUS



NON MÁIS
/IOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN COMUNIDADE

Celebramos hoxe a Festa do Corpus Christi: Xesús queda connosco na mesa, no pan feito Eucaristía.

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante:

Hoxe aquí, de novo na igrexa, celebramos o día de Corpus, e este ano facémolo dun xeito diferente. A crise sanitaria fixo que as nosas vidas cambiaran dunha forma inimaxinable hai apenas uns meses.

Agora nace unha sociedade distinta: despois da enfermidade, o aillamento e a morte de seres queridos, atopámonos coa inseguridade económica e laboral, a falta de recursos básicos e a perda de emprego. É unha sociedade máis fráxil e vulnerable sen un camiño certo de superación.

Por iso, faise imprescindible vivir esta solemnidade do Corpus que nos mostra como Xesús está no medio de nós, non nos deixa sos, e convídanos a todos a sentar nunha mesma mesa e compartir o que somos e temos para poñelo ao servizo dos demais, como nos amosa este Día da Caridade proposto por Caritas.

Como membros dunha Igrexa solidaria e de comunidade comezamos a celebración no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

🎵 **Benaventurados ou Unha xuntanza de amor**

Celebrante *Participamos desta celebración mirando a nosa vida, coa sinceridade de recoñecer que ás veces non sementamos amor e obramos sen facer presente e real a Cristo entre nós por iso é hora de pedir perdón.*

Monitor/a

- Polas veces nas que o medo nos impide apoiar, escoitar e axudar a quen precisa de nós.

SEÑOR, FÁRTANOS DO TEU PAN DE AMOR

- Porque precisamos da túa forza e do teu alento para estar á beira de tanta xente crucificada por esta crise.

CRISTO, FÁRTANOS DO TEU PAN DE AMOR

- Para que xunto contigo sexamos un só Corpo cos máis necesitados.

SEÑOR, FÁRTANOS DO TEU PAN DE AMOR

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, poña nos nosos corazóns o seu Amor, faga que sexamos máis irmáns e nos leve a vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración coa oración que xunta as nosas intencións ante Deus, lembrando especialmente ás vítimas desta crise que estamos a vivir .*

(silenzo)

Deus, neste sacramento admirable deixáchesnos o memorial da túa Vida. Concédenos venerar o santo misterio do teu Corpo e do teu Sangue de xeito que sintamos en nós o froito da túa redención. Ti, noso Señor e Deus, que vives e reinas co Pai, na unidade do Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

Monitor/a: *A Palavra de Deus hoxe é recordo do que o pan e o viño son para nós: memorial de Xesús que se fai en comunidade e ao compartilo somos membros do seu corpo. Xesús é pan de VIDA, e nós estamos chamados a ser vida e pan para facer crible a fe.*

Leccionario I B

Ex 24, 3-8

LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ÉXODO

Moisés veu e expúxolle ao pobo as palabras do Señor e as súas decisións, e o pobo a unha respondeu: -"Faremos todo o que dixo o Señor". Moisés puxo por escrito todas as palabras do Señor.

Ao día seguinte Moisés ergueuse cedo, construíu un altar na aba da montaña e chantou doce estelas, polas doce tribos de Israel.

Despois mandou a algúns mozos israelitas que ofrecesen holocaustos e sacrificios de comunión ao Señor. Moisés colleu a metade do sangue e botouna en recipientes, e a outra metade asperxeuna no altar. Despois colleu o libro da alianza e leullo en voz alta ao pobo. Este respondeu: -"Faremos todo o que dixo o Señor, e obedeceremos". Entón colleu Moisés o sangue e asperxeu ao pobo con el, dicindo: -"Este é o sangue da alianza que o Señor fai convosco, conforme as palabras lidas".

Palabra do Señor

🎵 *O pouco que Deus nos dá*

SALMO

(en pé) *Leccionario B páx Mc 14, 12-16.22-26 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

No primeiro día da festa dos Ázimos, cando se sacrificaba o año pascual, preguntáronlle os discípulos a Xesús:

- Onde queres que vaíamos preparar a Cea Pascual?

El mandou a dous discípulos, dicíndolles:

- Ide á cidade, e havos saír ao paso un home, cunha sella de auga. Ide tras el e onde entre, dicíndolle ao dono da casa: "O Mestre pregunta: onde está o lugar no que podo comer a Pascua cos meus discípulos?".

El havos mostrar no sobrado unha grande sala, xa disposta e arraxada. Vós preparade o que faga falta.

Marcharon os discípulos e, chegando á cidade, atoparon todo tal como llelo el dixera. E prepararon a Pascua.

Mentres estaban a comer, Xesús colleu pan, deu grazas, partiuno e déullelo, dicindo:

- Tomade, isto é o meu corpo.

E collendo unha copa, dando grazas, pasóullela, e todos beberon dela. E díxolles:

- Isto é o meu sangue, da Alianza, vertido por todos. Asegúrovos que xa non volverei beber do produto da viña ata o día que o beba, noviño, no Reino de Deus.

Despois de cantaren os Salmos, saíron para o Monte das Oliveiras.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Profesemos a nosa fe no Deus que no pan e no viño se fai Corpo e Sangue para a nosa vida, mostrándonos o camiño para que tamén nós o sexamos para os outros

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Crede en Deus, Pai, que ama de verdade e que nos creou á súa semellanza para amar?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesucristo, irmán de todos,
que demostrou que compartir e dar vida
é o camiño que nos achega ao Reino do ceo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,
que alenta no corazón para sermos testemuñas de Cristo
feito Pan de Vida para todos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa
familia de todos os homes e mulleres que en
comunidade queren ser membros do Corpo de Cristo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante Cristo faise Pan para todos e nós somos
invitados a compartilo cos que non o teñen. Así
rezamos dicindo confiados:

Señor, que camíñenos no teu amor

Monitor/a

✓ Para que toda a Igrexa, que hoxe celebra a túa
presenza, non se deixe intimidar polos que non queren
que fale alto e claro na defensa dos máis febles,
explotados e esquecidos, oremos

✓ Para que sexan respectados os dereitos de todas as
persoas que sofren: pobres, excluídas, refuxiadas,
desempregadas, enfermas, maiores, ..., oremos.

✓ Para que as persoas que teñen responsabilidades
públicas de goberno se preocupen das necesidades de
todas as persoas: terra, traballo decente, teito digno,
sanidade e educación universais, oremos

✓ Polas nosas comunidades parroquiais, para que
sexan comunidades de esperanza onde cadaquén se
sinta na súa casa, e capaces de reconstruír a nosa
sociedade nestes momentos de pandemia sanitaria e
social, oremos

✓ Polos voluntarios e profesionais que tanto ben fan
nestes días, son para todos nós unha fonte de vida e
alento. Por eles oremos

✓ E oremos polas persoas que traballan en cáritas,
promovendo solidariedade e xustiza, para que o seu
traballo sexa o espello onde mirarnos á hora de actuar
como testemuñas de Cristo Resucitado, oremos

Celebrante Grazas Señor por facerte pan que alimenta
o camiño da nosa vida, dándonos azos para
traballar neste mundo que pos nas nosas mans, por
Cristo noso Señor. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Rezamos sabendo que somos membros do Corpo de Cristo, Pan de Vida, neste tempo tan complicado que vivimos. Teñamos presente aos que comparten outras veces á nosa beira a celebración:
NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús convidanos a que tamén nós sexamos Pan de Vida para quen nos necesita. Neste momento que pedimos nos conceda a súa paz lembremos a aquelas persoas que fai tempo que non poden compartir connosco as celebracións por distintas circunstancias.*

ESTAMOS EN COMUÑÓN

Celebrante: *O señor segue a reunirnos ao arredor dunha mesa para que compartindo, o descubramos. Sintámonos benaventurados e ditosos pois, coma membros do seu Corpo, estamos agora convidados a este Pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 *Ti es o pan do ceo*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, na Eucaristía ti dásnos o teu Corpo e o teu Sangue que anuncian e anticipan o banquete do teu Reino. Que por esta comunión de hoxe consigamos a plenitude da túa vida eterna. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Adoración do Santísimo

Preparamos a custodia ou o copón cantando “Pan do ceo”.

Reflexión ante Cristo sacramentado.

Ti Señor disnos:

ABRE A PORTA aos berros impotentes das persoas migrantes que este verán chegarán ás nosas costas, ao silencio de quen vive afogado na soidade, a quen vive desafiuzado do seu fogar, a quen precisa que compartas o teu pan para poder comer.

Abres a porta ou faste o xordo?

Ti Señor disnos:

NON TEÑAS MEDO non levantes máis muros nin fronteiras. Non deixes que o medo bote as súas raíces no teu corazón. Confía, cre na bondade e no amor, e abre os teus brazos para acoller aos demais. O encontro con outras persoas vaite encher de vida e novidade.

Atrévete a non ter medo?

Ti Señor disnos:

DÉIXATE CAMBIAR, deixa a un lado prexuízos e os estereotipos que imaxinaches sen coñecer e sen saber.

Arríscate a darlle unha oportunidade
a quen xa tes xulgado

Ti Señor disnos:

SAE AO ENCONTRO, sae do teu lugar de conforto e atópate comigo, que habito en cada persoa. En cada encontro farás posible que comece a brotar a fraternidade.

Móveste ou quedaste acomodado?

PONTE EN MARCHA E CAMIÑA EN COMUNIDADE, “*Ide e anunciade a todos a boa noticia*”, dígovos e dígoche. Non podemos quedar aí, no asento de sempre. Temos que ser sinais de vida, e así abrir horizontes de esperanza para mellorar o mundo.

Es capaz de erguerte e camiñar con nós?

Bendición co Santísimo Sacramento

Neste momento pedímoslle ao Señor que nos bendiga, e nós queremos bendicilo a El e a todos os homes e mulleres de ben.

Bendicimos a quen coida dos seus seres queridos, bendicimos a quen o fai ben nas residencias de maiores, bendicimos a quen se esforza pola ensinanza dos fillos dende a casa, bendicimos a quen non cala abusos e desigualdades, bendicimos a quen fai parroquia e igrexa a nosa beira. Bendicimos e deixámonos bendicir.

Oración final

Cristo, non téns mans, téns só as nosas mans para construír un mundo onde haxa xustiza.

Cristo, non téns pés, téns só os nosos pés para poñer en marcha a liberdade e o amor.

Cristo, non téns labios, téns só a nosa boca para anunciar polo mundo a boa noticia dos pobres.

Cristo, non téns medios, téns só o noso obrar para lograr que todas as persoas sexan irmáns.

Cristo, nós somos o teu evanxeo, o único que as persoas poden ler, se as nosas vidas son obras e palabras túas.

Cristo, dános a túa forza para facer medrar os nosos dons e facer ben todas as cousas.

Que teñamos un bo día, o Señor nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.

**OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19**

**NON HAI MELLOR XEITO PARA CELEBRAR
QUE SOMOS CORPO DE CRISTO**